


## REGULAMENTO

1. As probas disputaranse na localidade de Bertamiráns. A saída e chegada de cada proba farase no Paseo Fluvial e o circuito correspondente a cada categoría estará debidamente sinalizado.
2. Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.
3. As inscricións poderanse facer no e-mail [inscricionsFGAsantiago@gmail.com](mailto:inscricionsFGAsantiago@gmail.com) ata as 22:00 horas do xoves 20 de outubro. Faranse constar os seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, lugar de procedencia, club e nº de licenza federativa (se a ten). **Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da carreira.**
4. Os dorsais retiraranse na secretaría da organización situada no Paseo Fluvial de Bertamiráns ata media hora antes da proba correspondente.
5. Recibirán trofeos os 3 primeiros clasificados de cada categoría, masculinos e femininos e tamén os tres primeiros absolutos masculino e feminino. Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor/a poderá percibir dous trofeos. A entrega de trofeos farase ao rematar a carreira.
6. Todo corredor ou corredora que chegue á meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito correcto na zona do peito, será automaticamente desqualificado.
7. Os participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo de cada proba.
8. Aos atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

9. Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.
10. O horario das saídas poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.
11. Todo o non recollido neste regulamento resolve-rase de acordo co Regulamento da RFEA en vigor.

- ☐ Haberá servizo de duchas no polideportivo para quen o desexe.
- ☐ Haberá sorteo de agasallos ao remate da carreira.
- ☐ Percorrido das categorías superiores (7500 metros):



## Categorías e horarios

| CATEGORÍA            | ANO DE NACEMENTO            | HORA    |
|----------------------|-----------------------------|---------|
| Pitufo               | Nados no 2007 e posteriores | 11:00 h |
| Prebenxamín          | 2004-2005-2006              | 11:05 h |
| Benxamín             | 2002-2003                   | 11:10 h |
| Alevín               | 2000-2001                   | 11:20 h |
| Infantil             | 1998-1999                   | 11:35 h |
| Cadete               | 1996-1997                   | 11:35 h |
| Xuvenil-junior       | 1992-1993-1994-1995         | 12:00 h |
| Promesa-sénior       | 1991 ata veteranos          | 12:00 h |
| Veterano A masculino | Nados entre 1976 e 1986     | 12:00 h |
| Veterano B masculino | Nados entre 1965 e 1956     | 12:00 h |
| Veterano C masculino | Nados no 1955 e anteriores  | 12:00 h |
| Veterana D feminino  | Nados entre 1976 e 1981     | 12:00 h |
| Veterana E feminino  | Nados no 1980 e anteriores  | 12:00 h |

## Distancias

| CATEGORÍA      | DISTANCIAS |
|----------------|------------|
| Pitufo         | 250 m      |
| Prebenxamín    | 500 m      |
| Benxamín       | 500 m      |
| Alevín         | 1500 m     |
| Infantil       | 2500 m     |
| Cadete         | 2500 m     |
| Xuvenil-junior | 7500 m     |
| Promesa-sénior | 7500 m     |
| Veterano A     | 7500 m     |
| Veterano B     | 7500 m     |
| Veterano C     | 7500 m     |
| Veterana D     | 7500 m     |
| Veterana E     | 7500 m     |

Saída: PASEO FLUVIAL DE BERTAMIRÁNS

## Inscricións:

### ❑ Inscripcións:

- Email: [inscripcionesFGAsantiago@gmail.com](mailto:inscripcionesFGAsantiago@gmail.com)

- Prazo: ata as 14:00 h do día 21 de outubro

- Datos: nome e apelidos, data de nacemento, localidade de procedencia, club e nº de licenza federativa (se procede)

### ❑ Información: no teléfono 981884991

## Colaboran:

- ❑ Motoclub O Milladoiro
- ❑ Policía Local de Ames
- ❑ Club Atletismo Sar-A Poutada
- ❑ Club Atlético Bertamiráns
- ❑ Club Atletismo Millaraio

## Patrocinan:



## XII CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE AMES

Paseo Fluvial de Bertamiráns  
Domingo, 23 de outubro - 11:00 h